

SUBVENCIÓN PARA RENOVACIÓN DE ASCENSORES.

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas á renovación total ou parcial de ascensores existentes pertencentes a comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas á renovación total ou parcial de ascensores existentes pertencentes a comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Renove de ascensores) e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código do procedemento IN532A).

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151231/AnuncioG0424-281215-0013_gl.html

PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES: Dende o 20/01/2016 ata o 20/04/2016

FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: <https://sede.xunta.es> (Require DNI electrónico, ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OBXETO DA SUBVENCIÓN:

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto incentivar a renovación total ou parcial de ascensores existentes pertencentes a comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.


BENEFICIARIOS: Comunidade de propietarios.

INTENSIDADE DA AXUDA:

A intensidade da axuda será dun **50 % do investimento subvencionable por ascensor**, pero en ningún caso, baixo esta convocatoria, **poderá concederse unha subvención superior a 10.000 euros por ascensor e 20.000 euros por comunidade.**

CUSTOS SUBVENCIONABLES:

1. Terán a consideración de actuacións subvencionables a renovación total ou parcial de ascensores existentes pertencentes a comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Estes investimentos en renovación de ascensores deberán permitir unha redución anual, cando menos, do 35 % no uso da enerxía convencional ou un incremento xustificable na seguridade.
 - Estas actuacións levaranse a cabo en ascensores xa instalados que contén co rexistro de aparello elevador (RAE).
2. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.
 - Os gastos subvencionables deberán ser ofertados, presupostados, realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data límite establecida para a presentación da documentación xustificativa da subvención (15 de novembro de 2016). Todos os investimentos obxecto de axuda deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables a partir da data de xustificación do investimento.
 - Consideraranse subvencionables os custos en equipamentos, materiais, obra civil, man de obra e os impostos indirectos asociados para a reforma e posta en servizo do ascensor, de xeito que este quede operativo. Estes gastos deberán corresponder de maneira indubidativa coas actuacións subvencionables.



- Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, preste ou subministren ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.
- A elección entre as ofertas presentadas, que haberá de achegarse coa solicitude de subvención, se realizará conforme a criterios de eficiencia y economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

XUSTIFICACION DA SUBVENCION: 15/11/2016 (inclusive)

MAIS INFORMACIÓN:

- **Páxina web oficial da consellería:** <http://ceei.xunta.gal>
- **Teléfono da devandita dirección xeral:** 981 95 71 87 ou 981 54 55 72,
- **Enderezo electrónico:** cei.sxai@xunta.es,

